

## DECLARACIÓN DE UGT-GALICIA CON GALLO DO 25 DE XULLO

*Galicia ten que apostar polo emprego seguro e de calidade, pola industria competitiva, pola vivenda accesible, por mellores servizos públicos e infraestruturas e por atraer e fixar poboación*

**Redacción.-** Co gallo da celebración, mañá, do Día de Galicia, a Comisión Executiva de UGT-Galicia transmítelle, en primeiro lugar, a toda a cidadanía galega os parabéns pola celebración da súa data máis sinalada. Data que se vai celebrar, un ano máis, nun contexto cheo de incertezas polo panorama a nivel internacional, con conflitos bélicos que parecen non ter fin, o que xera inestabilidade, e a nivel nacional, o país está inmerso nun contexto enrarecido no eido político, situación que ten consecuencias e trasládase ao conxunto da sociedade.

Nesta conxuntura, UGT-Galicia fai un chamamento á cordura, a poñer fin ao ruído, á liorta estéril, e demanda de todos os axentes implicados, sociais, políticos e económicos, altura de miras para xestionar un futuro para Galicia que garanta o benestar de todos os galegos e galegas.

### A vivenda converteuse nun acelerador de pobreza

Para o Sindicato, son moitas as prioridades pero a vivenda é unha das máis perentorias, xa que se está a falar xa dunha emerxencia social. UGT alerta que a vivenda converteuse nun acelerador de pobreza e está a ser un dos principais factores que impide que a recuperación chegue aos fogares. O coste medio mensual do aluguer está a medrar de xeito sostido, da mesma forma que os prezos de compra, e esta presión está a ser especialmente intensa entre as persoas que están en situación de pobreza, con salarios medios e baixos e entre os máis mozos. Resulta insostible ter que destinar máis da metade dos ingresos á vivenda, como lles está a suceder a moitas familias. Isto está a conducir a moitas persoas a situacións de vulnerabilidade, aínda tendo emprego. Unha nómina non permite saír da pobreza se queda absorbida polo aluguer, a hipoteca, as subministracións e os gastos básicos do fogar. Así, a vivenda deixou



de ser só un problema de acceso para determinados colectivos para converterse nun problema central de redistribución da riqueza e de perda de poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras.

En Galicia, Xunta e concellos deben adoptar as medidas estruturais necesarias para ampliar o parque público de vivendas, intervir en zonas tensionadas e limitar a especulación. Non basta con medidas parciais ou conxunturais. Hai que converter a vivenda nun verdadeiro pilar do Estado do benestar.

E empresarios e sindicatos debemos asumir o reto de incorporar o impacto do custo da vivenda á negociación colectiva.

### Hai que aproveitar o contexto de fortaleza do emprego para mellorar as condicións das persoas traballadoras

No eido laboral, o actual contexto de fortaleza, cunha creación importante de emprego, esixe reorientar a mirada cara a mellora das condicións das persoas traballadoras e seguir incidindo nas eivas que aínda perduran, paro de longa duración; adaptación do réxime de despedimento aos estándares da Carta Social Europea para garantir indemnizacións reparadoras con

efecto disuasorio no caso de despedimentos improcedentes; mellores salarios; reducir as taxas de parcialidade involuntaria que afectan, sobre todo, ás mulleres; ou acabar coa lacra da sinstiralidade laboral. Hai que lembrar que xa van 19 persoas falecidas no que vai de ano en Galicia, polo que urxe por parte dos gobernos, central e Xunta, e empresarios unha aposta clara e decidida pola prevención de riscos e pola adaptación da lexislación actual ás novas realidades.

### Industria competitiva e modelo enerxético sostible

Galicia tamén debe seguir traballando por unha industria competitiva, reforzando e mellorando o tecido industrial xa existente, e apostando por novos proxectos de alto valor engadido acompañados de emprego de calidade. Isto debe ir da man dun modelo enerxético sostible, competitivo, que aproveite as potencialidades da nosa terra, pero sempre preservando o medio e a contorna.

### Un sector primario moderno que fixe poboación

Todo isto sen deixar de lado o sector primario que en Galicia amosa moitas potencialidades pero que precisa que por parte das administracións

exista unha aposta clara. Hai que incidir na súa modernización, sustentabilidade e convertelo nun xacemento de emprego de calidade que permita fixar poboación no rural galego.

## Servizos públicos e infraestruturas

Pero, para isto, Galicia debe apostar por servizos e infraestruturas de calidade no rural pero no resto do país tamén porque só uns servizos públicos de calidade garanten a cohesión social e territorial e a igualdade de oportunidades. Así, hai que fortalecer o sistema sanitario, a atención á dependencia, a educación e o conxunto das políticas sociais. As infraestruturas deben ter a suficiente calidade para artellar o territorio en tempos competitivos e garantir unha boa comuni-

cación tamén co resto do Estado e cos países da contorna.

## Atraer e fixar poboación

Atraer e fixar poboación é outro dos retos para garantir que o actual pulo de crecemento continúe. Galicia ten cada ano que pasa menos mozos e mozas. Hai dende o ano 2011 unha perda de 48.000 persoas de entre 16 e 29 anos, o que supón unha perda do 12,4%, fronte ao conxunto de idades, onde a perda foi do 0,5%. O que sitúa a esta comunidade nunha conxuntura de emerxencia poboacional e cun importante reto por diante, o desafío demográfico. A Xunta debe artellar todos os medios necesarios para loitar contra o envellecemento poboacional, incentivando políticas de natalidade; adoptando medidas para reter e atraer ta-

lento mozo; e traballar tamén por atraer poboación estranxeira que nos vindeiros anos vai resultar indispensable para soste o sistema laboral e económico. Neste senso, dende UGT-Galicia reitérase a defensa de políticas migratorias baseadas nos dereitos humanos, na inclusión e na igualdade.

## Unha data para a lembranza das vítimas do sinistro de Angrois que hai 13 anos sacudiu á sociedade galega

Para UGT, esta data ten que converterse nunha xornada de celebración para todos e todas as galegas pero tamén nunha xornada reivindicativa e de lembranza. Lembranza das vítimas do sinistro ferroviario de Angrois que hai 13 anos sacudiu á sociedade galega na xornada previa ao 25 de xullo.

### A DEMANDA FOI INTERPOSTA POR UGT

## O TSXG ANULA O PROTOCOLO DE CONCILIACIÓN IMPOSTO POLA CSAG (ANTIGA CRTVG)

**Condena á CSAG a indemnizar aos sindicatos por vulnerar o dereito fundamental de liberdade sindical en relación á negociación colectiva**

**Redacción.-** O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) estima a demanda por conflito colectivo interposta por UGT, CUT e CCOO contra a CSAG (antiga CRTVG) en relación ao protocolo de conciliación aplicado ao seu persoal. Demanda á que se adheriron tralo acto de conciliación os sindicatos CIG e USO no día de celebración da vista, o pasado mes de maio.

A xustiza declara nulo o protocolo, deixándoo sen efecto, e condena á demandada a indemnizar aos sindicatos ao considerar que o documento vulnera o dereito fundamental de liberdade sindical en relación ao dereito de negociación colectiva, tal e como recolle a Constitución Española.

Dende a Sección sindical de UGT na CSAG lémbrese que o Sindicato levou esta demanda á Xustiza, xunto con CUT e CCOO, ao entender que o documento que a empresa puxo en coñecemento da parte social a finais do pasado ano implicaba limitacións ilegais ao dereito de conciliación das traballadoras e traballadores, basicamente, polo carácter temporal imposto, requisitos excesivos de documentación, filtros organizativos improcedentes e unha regulación do teletraballo claramente restritiva.

É dicir, pretendían converter un dereito nunha concesión excepcional. A isto

engádese que as medidas nunca foron negociadas coa parte social, senón aplicadas de maneira unilateral por parte da empresa.

A sentenza data do 17 de xullo e nela aclárase que o pasado 12 de novembro de 2025 a CSAG remitiu ao comité intercentros e á representación sindical a proposta denunciada fronte á que a representación sindical exixiu unha negociación colectiva, ao abeiro do Estatuto dos Traballadores, alegando que a empresa non pode regular "unilateralmente" eses dereitos e presentou alegacións.

Porén, o 23 de decembro dese mesmo ano a compañía dos medios públicos comunicou a aprobación do citado documento sen chegar a abrir unha mesa de negociación, impondo así de "maneira unilateral" a súa aprobación e aplicación.

A Sala entende que se produciu non só unha vulneración do dereito á negociación colectiva, senón tamén, e en consecuencia, unha vulneración dun de-



reito fundamental como é o da liberdade sindical. Neste senso, cita a xurisprudencia existente para subliñar que o dereito á negociación colectiva dos sindicatos non é un dereito á parte, senón que integra o contido mesmo da liberdade sindical do artigo 28.1 da Constitución Española. É dicir: cando a Lei Orgánica de Liberdade Sindical decreta que a mesma "comprende o dereito á actividade sindical", e que esa actividade inclúe "en todo caso" a negociación colectiva, o que está a dicir é que negala ou obstaculízala ataca directamente a liberdade sindical.

Isto é clave porque ten consecuencias procesuais importantes: abre a vía da tutela de dereitos fundamentais, coa lexitimación reforzada dos sindicatos e a posibilidade de obter unha indemnización por dano moral, como aconteceu neste caso.

## ASINADO O NOVO CONVENIO DO TRANSPORTE SANITARIO, UN PASO ADIANTE QUE DARÁ ESTABILIDADE A MÁIS DE 2.000 TRABALLADORES E TRABALLADORAS

**Redacción.-** UGT Servizos Públicos Galicia ven de asinar o novo Convenio do transporte sanitario galego coa patronal do sector, FEGAM, xunto con outros sindicatos.

Este convenio terá unha vixencia dende 2026 ata o 2030 e beneficiará a máis de 2.000 traballadores e traballadoras, dándolles estabilidade durante este período de tempo.

Dende UGT Servizos Públicos saúdanse as melloras acadadas, importantes subas salariais que garanten o poder adquisitivo, reducións de xornada e melloras na súa distribución, que vai redundar dun xeito positivo na conciliación da vida persoal e laboral.

Concretamente, en materia salarial prevese unha suba acumulada do 21% durante a vixencia do convenio, cunha cláusula de garantía para que o incremento acumulado dos salarios, ao rematar a súa vixencia, se sitúe tres puntos por enriba da

suma do IPC interanual do período 2026-2030.

A isto hai que sumarlle, no eido económico, unha nova paga extraordinaria, un incremento do plus de festividade ou a actualización das dietas.

Por outra banda, en materia de xornada, esta reducirase anualmente en 60 horas, o que fai que o tempo de traballo efectivo semanal quede por debaixo das 35 horas.

No ámbito social, o acordo consolida o cobro do 100 % da base de cotización nos procesos de incapacidade temporal derivados de accidente de traballo, regula a xubilación parcial anticipada mediante contrato



de relevo, flexibiliza e mellora as condicións das excedencias voluntarias e reforza a prevención de riscos laborais mediante a comisión sectorial de riscos psicosociais.

Dende UGT Servizos Públicos Galicia valórase a sinatura deste convenio que é un paso adiante moi importante para o sector, daralle estabilidade durante a súa vixencia e permitirá adaptar os pliegos nos concursos. En definitiva, trátase dun bo acordo para un sector esencial dentro do eido sanitario.

## UGT IMPULSA A NEGOCIACIÓN PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS LABORAIS DA SEGURIDADE PRIVADA NOS CENTROS DO SERGAS

**Redacción.-** UGT continúa avanzando na defensa das condicións laborais das persoas vixiantes de seguridade que prestan servizo nos centros sanitarios do Sergas.

Na reunión mantida coa Consellería de Sanidade, o Sergas, as empresas adxudicatarias e as organizacións sindicais representativas do sector, deuse continuidade ao traballo impulsado durante os últimos meses para mellorar as condicións de traballo, a prevención de riscos e a seguridade do persoal que desenvolve un servizo esencial na sanidade pública galega.

Durante o encontro, a Administración informou dos avances realizados a partir das propostas expostas en reunións anteriores, especialmente en relación coa dotación de medios de protección, a prevención de riscos laborais e a mellora dos protocolos de actuación ante situacións de violencia e agresividade.

Un dos avances máis relevantes afecta á dotación de aerosois de defensa homologados. Tras a consulta re-

alizada pola Consellería ás Forzas e Corpos de Seguridade, confírmase que serán as empresas de seguridade que nes deberán solicitar a súa implantación, correspondendo posteriormente aos servizos de prevención valorar a súa idoneidade en función dos riscos existentes en cada centro ou unidade asistencial. Esta medida contribuirá a homoxeneizar os criterios existentes nas distintas áreas sanitarias e a reforzar a protección das persoas vixiantes fronte a situacións de risco.

En relación coas reivindicacións de carácter económico e laboral, a Consellería de Sanidade manifestou que considera viable a súa implantación sempre que exista un adecuado encaixe xurídico e orzamentario, trasladando a empresas e organizacións sindicais a responsabilidade de negociar un acordo que posteriormente será analizado pola Administración para valorar a súa incorporación aos contratos públicos.

A primeira reunión para constituír a mesa negociadora entre as empresas do sector e as organizacións sindicais

representativas terá lugar hoxe, 24 de xullo, no Consello Galego de Relacións Laborais.

UGT acudirá a esta negociación co obxectivo de alcanzar melloras reais e homoxéneas para todas as persoas vixiantes de seguridade que prestan servizo nos centros sanitarios galegos, con independencia da empresa adxudicataria, da área sanitaria ou da data de finalización de cada contrato.

Desde FeSMC-UGT Galicia valoramos positivamente que, tras meses de traballo e reunións coa Administración, ábrase por fin un espazo formal de negociación entre empresas e sindicatos.

Seguiremos defendendo que as persoas vixiantes de seguridade que desenvolven o seu labor nos centros sanitarios do Sergas vexan recoñecidas unhas condicións laborais, económicas e de seguridade acordes coa responsabilidade e o papel esencial que desempeñan cada día na protección de pacientes, profesionais e usuarios do sistema sanitario público.

## OS TRABALLADORES DE FERROGLOBE MOBILÍZANSE CONTRA O ERTE

**Redacción.-** Os traballadores de Ferroglobe (Arteixo) concéntranse este mércores ás portas da planta para denunciar as condicións do ERTE presentado pola dirección da empresa.

Dende UGT FICA faise fincapé en que a planta de Arteixo é un pilar histórico no tecido industrial coruñés e a única instalación en todo o territorio nacional dedicada á produción de silicio metal, cun claro valor estratégico. Conta cun cadro de persoal de máis de 113 traballadores directos e outros 200 indirectos.

Para o Sindicato, o axuste proposto é consecuencia directa da pasividade institucional, sobre todo, a nivel europeo, que os condena a un escenario de total incertidume.

Así, denúnciase a lentitude de Europa para implementar medidas arancelarias e de protección reais, fronte á entrada masiva de silicio producido en China a baixo coste. Trátase dunha situación de competencia desleal que afunde os prezos, xa que China está a producir cunha norma-



tiva laboral e medioambiental que non sería legal na UE.

UGT FICA insiste en que non aceptará que a inacción política sexa utilizada como excusa para precarizar as condicións laborais ou ameazar a continuidade da planta.

O Sindicato esixe a Ferroglobe un plan de viabilidade claro e insta á Xunta e ao Goberno central a que

presionen a Bruxelas para activar mecanismos de defensa comercial.

Tamén se lamenta que a empresa non teña realizado unha xestión máis eficaz para conseguir prezos ou acordos enerxéticos que permitan manter a competitividade da planta e criticase a falta de proactividade da dirección á hora de buscar e asegurar mercados para colocar a produción.

## FEPMC UGT CHAMA ÁS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO COMERCIO A PARAR O DÍA 26

**O sector reclama “tempo para vivir e un comercio con dereitos”**

**Redacción.-** As traballadoras e traballadores do comercio galego están chamados á folga os días 26 de xullo e 15 de agosto contra a apertura en domingos e festivos.

### Tempo para vivir

O sector avoga por un comercio galego digno e porque os traballadores e traballadoras gocen de tempo para vivir.

### Comercio con dereitos

Dende FePMC UGT Galicia denúnciase un modelo que dificulta a conciliación laboral e persoal, pola contra, apóstase por un comercio sostible e con dereitos e rexeitase frontalmente un modelo que non deixa vivir.

Por todo isto, FePMC UGT chama aos traballadores e traballadoras do sector a parar nestas dúas xornadas.

## A FUNDACIÓN LUÍS TILVE PARTICIPA NA HOMENAXE ÁS VÍTIMAS DA DITADURA NA ILLA DE SAN SIMÓN

**Redacción.-** Un ano máis a Fundación Luís Tilve, dende a plataforma Iniciativa Galega pola Memoria, participou na organización, xunto a outras asociacións memorialistas de Galicia, na Homenaxe Nacional ás vítimas da Guerra Civil e a Ditadura, que se celebra na Illa de San Simón, que foi campo de concentración franquista e escenario da represión, en tódalas súas formas.

No ano en que se cumpre o 90 aniversario do golpe militar que freou a democratización e os avances sociais que trouxera a II República, as asociacións de Memoria conmemoramos xa 20 anos da creación, no 2006, deste espazo de encontro entre diversas ideoloxías e sensibilidades que supuxo a plataforma, cun obxectivo común: que non se esqueza o que aconteceu e prevaleza o dereito á verdade, favorecendo a consulta e potenciando os arquivos, tanto públicos como os de partidos, sindicatos e outras entidades que conserven patrimonio documental relacionado coa Memoria; o dereito á xustiza; o dereito a reparación, xa que aínda quedan moitos espazos con simboloxía franquista; e garantías de non repetición.

Reclamacións que lamentablemente parecen máis necesarias hoxe en día que fai 20 anos, dada a exaltación da Ditadura que estamos a vivir, con continuos ataques a monumentos memoria-

listas e declaracións que fai dúas décadas serían impensables en actores políticos.

No acto lembrouse tamén a Concha Nogueira, activista da Memoria en Vigo, recentemente falecida, orfa de Carmen Miguel Agra e Ángel Nogueira Nogueira, militante de UGT, vítimas da traxedia do bou Eva, un barco no que, xunto a outros nove compañeiros e republicanos (como os socialistas Manuel Martínez Maroño ou José e Fernando Rodríguez Lorenzo), intentaban fuxir cara Francia e que foi interceptado polos falanxistas, decidindo suicidarse antes de ser apresados, sabedores da sorte que lles esperaba.

Así mesmo, insistíuse na necesidade de protexer a Illa de San Simón, o Pazo de Meirás e outros lugares de Memoria, ante mal uso que se da a estes lugares por parte da Xunta de Galicia, como demostra novamente a celebración dun evento musical e concertos, con alcohol



e actividades que vulneran radicalmente a dignificación das vítimas, a Lei de Memoria Democrática e un lugar de Memoria como a illa de San Simón, algo que sería impensable nun lugar como Auschwitz.

Por todo elo, dende a Fundación traballamos para que na maior brevidade posible se remate o trámite para que a Illa quede completamente protexida, ante estas actitudes, así como seguimos recuperando a Memoria dos nosos militantes, moitos dos cales pasaron polo funesto campo de concentración ou deixaron alí a súa vida por abanderar o que hoxe desfrutamos, unha democracia e uns dereitos laborais que temos que seguir defendendo, ante o retorno dos nostálgicos do franquismo.

## UGT PIDE ELIMINAR A TAXA DE REPOSICIÓN E TRABALLAR NUN MODELO MÁIS EFICIENTE E ADAPTADO ÁS NECESIDADES DA CIDADANÍA

**Redacción.-** UGT Servizos Públicos reclamou durante a reunión da Comisión de Seguimento do Acordo pola Mellora do Emprego Público e o Servizo á Cidadanía que se aceleren os traballos para implantar un modelo de planificación e selección de persoal que substitúa ao actual sistema baseado na taxa de reposición co fin de responder de forma máis eficaz ás necesidades reais da cidadanía e das administracións públicas.

O sindicato lembrou que este cambio constitúe un dos compromisos recollidos no acordo subscrito entre UGT e o Goberno o pasado mes de novembro. O pacto contempla medidas dirixidas a axilizar e mellorar os procesos selectivos baixo criterios de planificación estratéxica

e xestión de recursos humanos.

A eliminación da taxa de reposición e a súa substitución por un modelo adecuado ás necesidades reais dos servizos públicos favorece a remuda xeracional e anticipa as futuras necesidades de persoal.

### Planificación anual das ofertas de emprego

Entre outras cuestións, UGT Servizos Públicos puxo de manifesto a importancia de que a Comisión traballe nas medidas necesarias que servirán de base para a planificación anual das ofertas de emprego público, alén de impulsar a axilización dos procesos selectivos.

Durante a reunión tamén se abordaron outros asuntos pendentes de desenvolvemento, como a culminación do complemento por residencia en insularidade e a revisión das indemnizacións por razón do servizo. UGT Servizos Públicos defendeu a necesidade de incorporar criterios de igualdade na súa regulación e de establecer un marco estable, obxectivo e protexido fronte ao arbitrio dos distintos gobernos na aplicación destes complementos.

Finalmente, o sindicato lembrou que a posta en marcha do Observatorio do Emprego Público, encargado de analizar a evolución dos cadros de persoal, será clave para coñecer as necesidades futuras de efectivos e perfís profesionais que precisará o servizo público do noso país.

## A XUSTIZA RECOÑECE A VULNERACIÓN DO DEREITO A UNHAS CONDICIÓNS DE TRABALLO SEGURAS DE 14 VIXIANTES DE SEGURIDADE DE ADIF OURENSE

Condena solidariamente ao Grupo Control e ADIF ao pago dunha indemnización

**FeSMC  
UGT  
OURENSE**

**SECTOR DE  
SEGURIDAD**  
*Defendemos tus derechos*



**UGT CONSIGUE INDEMNIZACIÓN  
PARA LOS 14 VIGILANTES  
DE ADIF OURENSE**

**SENTENCIA FAVORABLE**

**3.512,92 €  
PARA CADA TRABAJADOR**

**14  
VIGILANTES  
INDEMNIZADOS**

**49.181 € DE INDEMNIZACIÓN TOTAL**

**Grupo Control y ADIF condenadas SOLIDARIAMENTE  
por no proteger a la plantilla frente a temperaturas extremas.**



El Tribunal de Instancia, Sección Social nº 4 de Ourense, ha estimado parcialmente la demanda presentada por **FeSMC-UGT Ourense** contra **Grupo Control Empresa de Seguridad y ADIF**.



La sentencia reconoce que los 14 trabajadores prestaban servicio en la estación ferroviaria expuestos a **temperaturas extremas**, sin medidas preventivas eficaces, vulnerando su derecho a la integridad física y a la protección de su salud.



El Juzgado condena a ambas entidades a adoptar las medidas necesarias para garantizar **condiciones de trabajo seguras**, especialmente frente al frío y al calor.



Además, deberán abonar **3.512,92 €** a cada uno de los 14 vigilantes afectados, lo que supone una indemnización total de **49.181 €**.



No es necesario que exista una lesión física: basta con que haya un **riesgo grave** y falta de medidas preventivas para apreciar la vulneración del derecho fundamental.



Desde **FeSMC-UGT Ourense** valoramos esta sentencia como un importante reconocimiento de la lucha sindical mantenida para defender **la salud, la seguridad y la dignidad** de las personas trabajadoras.

**LA PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES  
NO ES UNA OPCIÓN: ES UNA OBLIGACIÓN.**



### Acordo no ERE de Concentrix (campana CTS) que mellora as condicións iniciais

**Redacción.-** UGT, xunto con CCOO e CIG, veñen de alcanzar un acordo no ERE de Concentrix que mellora as condicións para as persoas traballadoras afectadas pola campaña CTS.

Neste acordo prevense indemnizacións para as persoas afectadas de 31 días por ano traballado, cun tope de 24 mensualidades e un salario de 3.000 euros.

En caso de acordo, na seguinte negociación que afecta ao servizo de SCIM, a empresa comprométese a manter as mesmas condicións.

Esta situación é consecuencia do proceso que Microsoft, empresa á cal Concentrix lle presta servizos, está a emprender reduciendo e deslocalizando servizos a terceiros países como Exipto ou India.

## UGT Servizos Públicos celebra a convalidación do decreto-lei que aproba a xubilación parcial do persoal laboral da AXE

**Redacción.-** Grazas á aprobación deste decreto-lei, o persoal laboral da Administración do Estado poderá optar á xubilación anticipase parcial, como o resto de traballadores do país e a persoa que acceda ao posto para relevar este traballador ou traballadora que se xubila poderá ser contratado con carácter temporal, coa obrigación de que a Administración convoque esa praza na primeira

oferta de emprego que aprobe. A praza manterá o seu carácter fixo, evitando así a perda de emprego ou a súa precarización. Esta xubilación tamén poderá articularse mediante a vía da oferta de emprego público, previa aprobación dun instrumento de planificación de recursos humanos.

Desbloquéase así definitivamente o

acceso á xubilación parcial anticipada do persoal laboral, xa que permitirá ás Administracións cubrir as vacantes con maior axilidade, tal e como ocorría antes da entrada en vigor da Real Decreto-lei 11/20024.

Deste xeito, garántese que os traballadores e traballadoras laborais poidan exercer este dereito, pero a medida tamén servirá para favorecer unha planificación máis eficiente dos cadros de persoal e contribuír a unha mellor a organización dos servizos públicos, adaptándoos ás necesidades reais da cidadanía, así como á necesaria renovación dos cadros de persoal.